



## Guía Docente

Datos Identificativos					2011/12
Asignatura (*)	Inserción e orientación laboral		Código	652606612	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4	
Idioma					
Prerrequisitos					
Departamento: Filosofía e Métodos de Investigación en Educación					
Coordinación		Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado		Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web					
Descrición xeral					

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
--------	----------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Identificar as atribucións docentes e as funcións do profesorado da especialidade de FOL no campo da orientación profesional e comprender a importancia e necesidade de formación neste ámbito de intervención	AP4	CM7
Coñecer a evolución e situación actual da orientación profesional no sistema educativo e no ámbito labora e saber das prestacións dos servizos e entidades relacionadas coa orientación e inserción laboral	AP3 AP4	
Analizar o desenvolvemento teórico da orientación, coñecer as características conceptuais, as áreas, os principios e os modelos de intervención da orientación profesional e reflexionar sobre as súas implicacións para a práctica.	AP3 AP5	CM5
Identifica-los factores que interveñen na inserción laboral e analizala súa relación coas áreas de intervención.	AP5	
Analizar o currículo das materias e módulos da especialidade de FOL tendo como criterios as características conceptuais da orientación profesional, as áreas e modelos de intervención.	AP1 AP2	
Analizar e deseñar programas e materiais de orientación profesional para o ensino secundario, para os programas de cualificación profesional inicial e para os ciclos formativos.	AP4 AP6 AP7 AP12	
Coñecer as posibilidades de utilización de Internet e da web 2.0 na OP e concretalas na programación das materias da especialidade	AP6 AP11	CM3 CM6
Analizar a influencia do xénero na toma de decisións académicas e profesionais e na inserción laboral e identificar os indicadores da desigualdade por razón de xénero no sistema educativo e no mercado laboral.	AP1 AP3 AP13	CM4
Identificar os obxectivos, contidos e principios da orientación profesional non sexista, analizar e deseñar programas ou actividades que integren a perspectiva de xénero	AP1 AP6 AP7 AP11 AP12	CM4



Utilizar axeitadamente a terminoloxía específica relacionada cos contidos da materia

CM1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A orientación profesional: campo de intervención do profesorado de FOL	<p>1.1. A orientación profesional/laboral no currículo dos módulos e áreas que imparte o profesorado de FOL</p> <p>1.2. A orientación profesional/laboral como función: as atribucións do profesorado de FOL nos departamentos de orientación e nos departamentos de información e orientación profesional.</p> <p>1.3. A orientación profesional no temario de acceso á especialidade</p>
Tema 2. Orientación profesional e orientación laboral	<p>2.1 Delimitación, caracterización conceptual da orientación profesional e da orientación laboral e relacións entre ambas.</p> <p>2.2. Inserción laboral, profesional, sociolaboral e transición da escola a vida activa. Factores de inserción laboral.</p> <p>2.3. Áreas de intervención</p> <p>2.4. Modelos de intervención</p> <p>2.5. A orientación na avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias</p>
Tema 3. Xénero e orientación profesional	<p>3.1. O xénero como factor condicionante da toma de decisións académicas e profesionais.</p> <p>3.2. Radiografía das desigualdades de xénero do sistema educativo e do mercado laboral</p> <p>3.3. A OP para a igualdade de oportunidades na normativa legal: evolución e situación actual.</p> <p>3.4. Finalidades, obxectivos e contidos da OP para a igualdade de oportunidades.</p> <p>5.5. Análise e deseño de programas e actividades de OP non sexista</p>
Tema 4. A utilización de internet e da web 2.0 en orientación profesional I	<p>4.1. Ámbitos de utilización de Internet</p> <p>4.2. As aplicacións da web 2.0</p> <p>4.3. Implicacións nas competencias profesionais do profesorado de FOL</p>
Tema 5. Desenvolvemento e situación actual da orientación profesional e laboral no sistema educativo e no ámbito laboral	<p>2.1. Principais fitos e tendencias no desenvolvemento da OP.</p> <p>2.2. Organización e funcións da OP no sistema educativo.</p> <p>2.3. Organización e funcións da OL no ámbito laboral</p> <p>2.4. A orientación profesional nas políticas de formación e emprego da UE.</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	1	0	1
Análise de fontes documentais	3	16	19
Sesión maxistral	11	0	11
Aprendizaxe colaborativa	4	8	12
Presentación oral	1	1	2
Portafolios do alumno	0	13	13
Estudo de casos	7	27	34
Proba mixta	1	3	4
Atención personalizada	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades de coñecementos previos que se realizarán ao inicio de cada tema.
Análise de fontes documentais	As actividades de análise documental abordan distintas temáticas da materia: a) Análise do currículo das materias da especialidade e de dous libros de texto (actividade grupal) b) Análise de programas e actividades de orientación non sexista (actividade grupal) c) Análise de documentos que permiten profundizar nalgún dos contidos da materia e que dos que se dará conta no portafolios (actividade individual) d) Análise dos sesgos sexistas nun libro de texto das materias da especialidade (actividade grupal)
Sesión maxistral	O método expositivo vai ser utilizado para presentar, explicar e sintetizar os contidos dos temas que integran o programa da materia.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa é o principio que ha de rexir nas actividades grupais de análise de fontes documentais e nas de estudo de casos.
Presentación oral	Presentación grupal dun dos estudos de caso e da análise dos sesgos sexistas nos libros das materias da especialidade
Portafolios do alumno	Consiste nun informe no que o alumnado da conta das aprendizaxes adquiridas, da súa aplicación no TFM e no período de prácticas e da relación existente co resto das materias do mestrado. No portafolios hai que incluír un mapa conceptual dos contidos da materia.
Estudo de casos	a) Deseño de actividades que inclúan a perspectiva de xénero. b) Deseño de actividades que incorporen algún dos ámbitos de utilización de Internet e da web 2.0.
Proba mixta	Está orientada á avaliación das aprendizaxes tanto teóricas como prácticas. Combina preguntas curtas e de síntese dalgúns dos contidos abordados na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Estudo de casos	A tutoría vai ser grupal e individual. A tutoría ten como finalidades o apoio no proceso de aprendizaxe e o seguimento e supervisión dalgunhas das actividades que, como se indica na planificación, esixen de apoio personalizado (análise de fontes documentais, portafolios do alumnado e estudo de casos)

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	As actividades de análise documental abordan distintas temáticas da materia: a) Análise do currículo das materias da especialidade e de dous libros de texto (actividade grupal) b) Análise de programas e actividades de orientación non sexista (actividade grupal) c) Análise de documentos que permiten profundizar nalgún dos contidos da materia e da que hase dar conta no portafolios (actividade individual) d) Análise dos sesgos sexistas nun libro de texto das materias da especialidade (actividade grupal) As actividades grupais deste apartado desévolvense no marco da aprendizaxe colaborativa	20
Portafolios do alumno	Consiste nun informe no que o alumnado describe o proceso de aprendizaxe e as aprendizaxes adquiridas, a súa aplicación no TFM e no período de prácticas e a relación co resto das materias do mestrado.	35
Estudo de casos	a) Deseño de actividades que inclúan a perspectiva de xénero. O alumnado destinatario está a cursar un Programa de Cualificación Profesional Inicial. b) Deseño de actividades que incorporen os distintos ámbitos de utilización de Internet para un grupo que está a cursar un Ciclo Formativo. . As dúas actividdes de estudo de caso son grupais e inscribíense nas características da aprendizaxe colaborativa.	25
Proba mixta	Preguntas curtas nas que se valoran as capacidades de análise, reflexión e relación.	20



## Observacións avaliación

A cualificación final será o resultado das puntuación obtidas nas tres actividades de avaliación: Cartafol individual (4 puntos) Actividades grupais (4 puntos) Proba mixta (2 puntos) Para superar a materia cómpre sacar a metade da cualificación que se asigna a cada unha das tres actividades. O portafolios do alumnado é unha actividade individual e ha de conter os seguintes apartados: Aprendizaxes adquiridas (que sabía /que aprendín, pódese utilizar como criterio os obxectivos de cada tema, incorporar as aprendizaxes conseguidas na realización das actividades grupais) Reflexión sobre o proceso de aprendizaxe (forma de afrontar o estudo, dúbidas, dificultades e superación das mesmas, cuestións nas que profundizar.....) Relación/vinculación coas materias do módulo xenérico e especialmente coas materias do itinerario de FOL. Aplicación na elaboración do TFMListaxe de cuestións relacionada cos contidos da materia que terás que observar e analizar durante as prácticas Elaboración dun mapa conceptual dos contidos da materia Ó rematar a materia e na data que se fixe, cada grupo presentará un dossier no que se inclúan todas as actividades realizadas. Tamén hai que incorporar unha descrición e reflexión sobre o funcionamento do grupo (distribución de tarefas, número de reunións grupais realizadas e obxectivos das mesmas, cambios introducidos e que se deberían e ter feito para o seu mellor funcionamento). Na avaliacion do programa e da docencia van se utilizar os seguintes medios: - Observacións e reflexións da profesora sobre o desenvolvemento do programa - A valoración do alumnado recollida en distintas sesións. - Cuestionario final;

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Sánchez Garcia, M. F. (2006). Orientación laboral. Para la diversidad y el cambio . Madrid: Sanz Torres
- Espin, J. e outras (1996). Análisis de recursos educativos desde una perspectiva sexista. Barcelona: Editorial Laertes
- Rodríguez Moreno, M.L. (2010). Desarrollo de competencias: teoría y práctica. Barcelona: Editorial Laertes
- Alastruey. R. (2010). El networking. Barcelona: Editorial UOC
- Alastruey. R. (2009). Empleo 2.0. Barcelona: Editorial UOC
- Álvarez González, M. e Bisquerra, R. (2007). La madurez para la carrera en Educación Secundaria: evaluación e intervención. Madrid: EOS
- Pérez Ortega, A. (2009). Marca personal. Madrid: Editorial ESIC
- Echeverría, B. (Coord.) (2008). Orientación Profesional (caps:3,4,5 e7) . Barcelona: UOC
- Sobrado, L. e Cortés, A. (2009). Orientación Profesional. Nuevos escenarios y perspectivas. Madrid: Bibliotec Nueva
- Grañeras, M. e Parras, A. (2008). Sociedad de la información e intervención psicopedagógica. Madrid: CIDE

### Bibliografía complementaria

- ( ). .

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións



O profesorado da especialidade de FOL asume funcións do ámbito da orientación profesional. Algúns dos contidos dos módulos e das áreas da súa competencia docente, xunto coas funcións que a normativa lle atribúe, como membro do departamento de orientación dos IES e dos departamentos de orientación e información dos centros integrados de formación profesional, remarcamos a necesaria especialización do profesorado de FOL no campo da orientación profesional. Por outra parte, a heteroxeneidade na formación inicial do alumnado que cursa a especialidade de FOL que, fóra dalgunha excepción, non ten cursado materias relacionadas coa OP, unida á necesidade de formación específica neste campo xustifican a incorporación da materia de Orientación e Inserción Laboral no itinerario de Formación e Orientación Laboral. A materia de Orientación e inserción laboral quere significarse nas dimensións profesionalizadora e orientadora. Como profesionalizadora, a finalidade pretendida é a adquisición das competencias que lle permitan comprender o alcance da orientación profesional e o exercicio satisfactorio das funcións orientadoras propias da especialidade. A dimensión orientadora asume o coñecemento dos cometidos de orientación profesional propios do profesorado da especialidade de FOL.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías